**Apelidos e nome da persoa candidata:** ..............................................................................

# 2020

# Galego

## Proba de certificación de nivel básico A2

## Comprensión de textos orais

### Puntuación e duración:

| | | | NON ESCRIBIR Espazo para a corrección |
|---|---|---|---|
| **Tarefa 1** | Aprox. 10 minutos | 8 puntos | |
| **Tarefa 2** | Aprox. 10 minutos | 8 puntos | |
| **Tarefa 3** | Aprox. 10 minutos | 9 puntos | |
| | **TOTAL máx. 30 MINUTOS** | **TOTAL 25 PUNTOS** | **....... /25** |

### Materiais ou instrumentos que se poden empregar durante a proba:

- Bolígrafo con tinta negra ou azul.

### Advertencias para a persoa candidata:

- Os teléfonos móbiles deben permanecer apagados durante a proba.
- **Non se cualificará ningunha tarefa escrita con lapis ou emendada con líquidos ou cintas correctoras.**
- Anularanse as respostas nas que se marque máis dunha opción, sempre que non se indique con suficiente claridade que se trata dun erro.
- En caso de erro, as persoas candidatas marcarán a nova resposta cun X rodeado por un círculo. (X)
- As respostas deben basearse unicamente na información contida nos textos.
- Anularanse as respostas que non sexan claras e/ou lexibles e que non estean dentro dos espazos habilitados para tal fin.
- Deberá asinar a entrega desta proba no documento correspondente.
- Non se poderá abandonar a aula ata que remate a proba.

## INSTRUCIÓNS XERAIS

- Antes de cada audición haberá un silencio para ler as preguntas.
- Escoitarán os documentos sonoros 2 veces, cunha breve pausa entre cada audición.
- Despois de escoitar por segunda vez terán 30 segundos para repasaren as respostas.
- O bip sonoro ("bip") indicará o comezo da audición de todo o bloque de documentos.
- O dobre bip ("bip-bip") indicará o final da audición da tarefa.

## TAREFA 1 (……/8)

**CONTEXTO:**

Vostede quere facer unha viaxe para coñecer Galicia. Antes de saír decide documentarse sobre lugares e actividades típicos deste territorio.

**TAREFA:**

Lea a tarefa e escoite atentamente os documentos sonoros.

Escriba, EN MAIÚSCULAS, na táboa de respostas, a letra do enunciado que se corresponda co documento sonoro, como no exemplo 0.

Un enunciado non se corresponde con ningún documento sonoro.

As respostas deben basearse unicamente na información contida nos documentos sonoros.

| ENUNCIADOS | |
|---|---|
| **A.** | **Turismo rural** |
| **B.** | Deportes acuáticos |
| **C.** | Deporte de montaña |
| **D.** | Turismo de compras |
| **E.** | Granxas de animais autóctonos |
| **F.** | Areais de auga limpa |
| **G.** | Turismo saudable |
| **H.** | Traballo da terra |
| **I.** | Traballo das vides |
| **L.** | Traballo con vacas |

### TÁBOA DE RESPOSTAS

| N.º DO DOCUMENTO SONORO | Ex. 0 | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| LETRA DO ENUNCIADO/ TÍTULO/IMAXE | A | | | | | | | | |
| NON ESCRIBA Espazo para a corrección | ✓ | | | | | | | | |

## TAREFA 2 (……/8)

**CONTEXTO**

Vostede quere aprender a facer doces. Antes de poñerse a cociñar, vai escoitar unha receita para saber como se fan as roscas de anís da Terra Chá.

**TAREFA**

Lea a tarefa e escoite atentamente o documento sonoro. Escriba a resposta correcta, cun máximo de 3 palabras, como no exemplo 0.

As respostas deben basearse unicamente na información contida no texto oral.

| |
|---|
| **Ex. 0. Para que fai falta o aceite de xirasol? Para fritir** |
| **1. Con que batemos o ovo nun cunco? ____________________** |
| **2. Canto anís agregamos? ____________________** |
| **3. A cantidade de fariña ten que ser moi exacta? ____________________** |
| **4. Ademais de facelo co garfo, con que podemos amasar? ____________________** |
| **5. Indique unha cousa que sirva para cubrir a masa ____________________** |
| **6. Cando saen máis esponxosas as roscas? ____________________** |
| **7. Onde as poñemos cando arrefrían? ____________________** |
| **8. Que tipo de fariña hai que empregar? ____________________** |

## TAREFA 3 (……/9)

**CONTEXTO:**




Vostede vai ter o seu segundo fillo e busca consellos en Internet sobre como concienciar o fillo maior de que vai ter un irmán. Atopa no programa de *Preescolar na casa* unha entrevista a María Solar, autora do conto *Vou ter un irmán*.

**TAREFA:**

Tendo en conta a información da entrevista, responda as preguntas que formulan. Marque cun X unha única resposta correcta para cada pregunta, coma no exemplo 0. En caso de erro, marque a nova resposta cun X rodeado dun círculo.

| **Ex. 0.** | **Segundo María Solar, cando se teñen moitos irmáns, os celos son…** | **NON ESCRIBA Espazo para a corrección** |
|---|---|---|
| ☒ **a)** | máis improbables | ✓ |
| □ **b)** | máis intensos. | |
| □ **c)** | moi habituais. | |

| **1.** | **Na actualidade, as familias adoitan ter…** | **NON ESCRIBA Espazo para a corrección** |
|---|---|---|
| □ **a)** | máis de dous fillos. | |
| □ **b)** | un fillo como moito. | |
| □ **c)** | un fillo ou dous. | |

| **2.** | **Os fillos interésanse pola lectura cando…** | **NON ESCRIBA Espazo para a corrección** |
|---|---|---|
| □ **a)** | compran moitos libros. | |
| □ **b)** | van con frecuencia á biblioteca. | |
| □ **c)** | ven ler tamén os pais. | |

| **3.** | **Ler un conto cos fillos permite…** | **NON ESCRIBA Espazo para a corrección** |
|---|---|---|
| □ **a)** | escribir contos parecidos. | |
| □ **b)** | falar doutras cousas relacionadas. | |
| □ **c)** | recordar outros contos. | |

| **4.** | **Cando unha persoa le dende pequena…** | **NON ESCRIBA Espazo para a corrección** |
|---|---|---|
| □ **a)** | aprende antes a escribir. | |
| □ **b)** | despois xa está cansa de ler. | |
| □ **c)** | permanece o hábito toda a vida. | |

| **5.** | **En que pensa María Solar cando escribe contos?** | **NON ESCRIBA Espazo para a corrección** |
|---|---|---|
| □ **a)** | Nos contos que leu de pequena. | |
| □ **b)** | Nos nenos que o van recibir. | |
| □ **c)** | Nos pais que o van ler. | |

| **6.** | **A María Solar resúltalle difícil calcular a idade para a que escribe porque…** | **NON ESCRIBA Espazo para a corrección** |
|---|---|---|
| □ **a)** | a súa filla é moi madura. | |
| □ **b)** | a súa filla le pouco. | |
| □ **c)** | ela non ten fillos. | |

| **7.** | **Que contidos se deben tratar nun conto?** | **NON ESCRIBA Espazo para a corrección** |
|---|---|---|
| □ **a)** | Nun conto pódese abordar calquera tema. | |
| □ **b)** | Debe falarse de temas fantásticos. | |
| □ **c)** | Hai contidos máis adecuados ca outros. | |

| **8.** | **Os contos clásicos son…** | **NON ESCRIBA Espazo para a corrección** |
|---|---|---|
| □ **a)** | moi crueis. | |
| □ **b)** | moi divertidos. | |
| □ **c)** | moi realistas. | |

| **9.** | **Segundo María Solar, hoxe en día cometemos o erro de…** | **NON ESCRIBA Espazo para a corrección** |
|---|---|---|
| □ **a)** | lerlles aos nenos historias tristes. | |
| □ **b)** | non contarlles aos nenos as cousas malas. | |
| □ **c)** | tratar os nenos como adultos. | |